

# BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN


Nome e apellidos \_\_\_\_\_ NIF: \_\_\_\_\_  
Enderezo \_\_\_\_\_  
CP e cidade \_\_\_\_\_  
Teléfono \_\_\_\_\_ Fax \_\_\_\_\_  
Correo electrónico \_\_\_\_\_  
Centro de traballo \_\_\_\_\_ Especialidade \_\_\_\_\_

Importe matrícula: 290,00 €uros. N.º de conta: 0128/9406/13/0100000297 (Bankinter)

Deberase enviar este boletín xunto co xustificante do pago ao número de fax: 881 546 643

## Soporte Vital cardiovascular avanzado

Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia - 061



centro de formación

Urxencias Sanitarias **061**

Santiago de Compostela, 1 e 2 de abril de 2009

## OBXECTIVOS:

### Xeral:

Mellorar as habilidades para o tratamento dos pacientes en paro cardíaco así como antes e despois da parada mediante a participación activa nunha serie de simulacións de casos de afeccións cardiopulmonares.

### Específicos:

- Recoñecer e iniciar o tratamento temprano das afeccións máis frecuentes preparada cardíaca que poderían derivar nunha PCR ou complicar a evolución da resucitación.
- Demostrar competencia na administración de atención en soporte vital básico, incluíndo priorizar as compresións torácicas e integrar a utilización do desfibrilador externo semiautomático.
- Tratar a PCR ata o retorno da circulación espontánea, o final da reanimación ou o traslado do paciente.
- Identificar e tratar o dor isquémica no peito e acelerar a atención dos pacientes con síntomas coronarios agudos.
- Recoñecer outras situacións clínicas potencialmente mortais, como o ataque cerebral e proporcionar unha atención e traslado eficaces para reducir as taxas de mortalidade e discapacidade.
- Demostrar unha comunicación eficaz, xa sexa como membro ou coordinador do equipo de resucitación, e recoñecer o impacto da dinámica do equipo na actuación xeral do mesmo.

## DIRIXIDO A:

Médicos e Diplomados Universitarios en Enfermería.

## PROGRAMA:

### PRIMEIRA XORNADA 01/04/09

09.00–09.30 h. Benvida e perspectiva xeral do curso.  
09.30–10.30 h. Introducción Soporte vital básico en adultos DESA. Avaliación primaria en soporte vital básico e secundaria en soporte vital avanzado.  
10.30–11.00 h. Descanso.  
11.00–12.30 h. SVB e DESA.  
12.30–14.00 h. Vía aérea e paro respiratorio.  
16.00–17.00 h. Algoritmo SVCA e drogas.  
17.00–21.00 h. Revisión tecnolóxica. FV/TV.AESP.

### SEGUNDA XORNADA 02/04/09

09.00–10.00 h. Recoñecemento de arritmias, algoritmos.  
10.00–11.30 h. Taquicardia. Bradicardia.  
11.30–13.30 h. Descanso.  
13.30–14.00 h. Sesión IAM.  
16.00–18.00 h. Megacode.  
18.00–18.30 h. Sesión ICTUS.  
18.30–20.00 h. Exame práctico Megacode.  
20.00–20.45 h. Exame teórico.  
20.45–21.00 h. Enquisa de satisfacción e clausura.

## DIRECCIÓN DO CURSO:

*Dr. José Antonio Iglesias Vázquez*  
Xefe de Servizo de Docencia da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061.  
Instrutor en soporte vital avanzado cardiolóxico e traumatolóxico do Plan Nacional de RCP da SEMICYUC.  
Instrutor en RCP pediátrica e neonatal do Grupo Español de RCP Pediátrica y Neonatal.  
Instrutor en soporte vital cardiovascular avanzado do programa ACU de SEMES-AHA.

## PROFESORADO:

Instrutores e monitores en soporte vital cardiovascular avanzado do programa de Atención Cardiovascular de Urgencias de SEMES-AHA.

## ACREDITACIÓN:

Interese Sanitario da Consellería de Sanidade.  
Comisión Autónoma de Formación Continuada do Sistema Nacional de Salud.  
Sociedad Española de Medicina de Urgencias e Emerxencias (SEMES)  
American Heart Association (AHA)

## LUGAR DE CELEBRACIÓN:

Aulas de Formación Monte do Gozo. Santiago de Compostela.

## METODOLOXÍA:

O curso inclúe módulos de aprendizaxe teórico, práctico, avaliación teórica e un módulo de exame megacode.

Os módulos de aprendizaxe práctico danlle a oportunidade ao alumno de participar activamente nunha variedade de actividades de aprendizaxe, entre elas:

- Simulacións de situacións clínicas.
- Demostracións do instrutor ou en vídeo.
- Debates e xogos de improvisación de papeis.
- Prácticas sobre condutas eficaces nun equipo de reanimación.

Nestes módulos de aprendizaxe, o alumno practicará habilidades fundamentais, tanto individualmente como en grupo. Neste curso destácase a importancia das habilidades de equipo como parte fundamental dos esforzos da resucitación. O alumno recibirá adestramento acerca das condutas de equipo eficaces e terá a posibilidade de practicar como coordinador e como membro do equipo.

Ao remate do curso o alumno participará nun módulo de exame mega para confirmar que logrou cumprir os obxectivos do curso. Nunha simulación dunha situación de parada cardíaca avaliarase o seguinte:

- Coñecemento do material e as habilidades fundamentais dos casos clínicos.
- Coñecemento dos algoritmos.
- Comprensión da interpretación dunha arritmia.
- Uso do tratamento farmacolóxico básico de soporte vital cardiovascular apropiado.
- Actuación eficaz como coordinador do equipo.

## INSCRICIÓNS:

Secretaría Técnica do Centro de Formación en Medicina de Urgencias, Emerxencias e Catástrofes de Galicia.  
Tel.: 881 546 789 - Fax: 881 546 643  
e-mail: [formacion.061@sergas.es](mailto:formacion.061@sergas.es)

Os alumnos admitiranse por rigurosa orde de entrada das inscricións.